



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	SOLICITUDE DE INFORME NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO CHAO DO MARCO
Promotor	ENEL GREEN POWER ESPAÑA, S.L.
Localización	CONCELLOS DE BECERREÁ E BARALLA (LUGO)
Expediente	LU-11/144-EOL
Informe	EOL_LU-11 144_EOL_1bis

SOLICITANTE: Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación de Lugo de Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

FEITOS :

A Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación de Lugo de Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación con data 11/10/2022 e número de rexistro de entrada 2022/2016345, presenta unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Solicitude de informe ao amparo do artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no procedemento de consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

2. Na elaboración do presente informe tense utilizado de forma ampla entre outra a seguinte documentación:

- La salud en la evaluación de impactos ambientales. Guía metodológica. Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA). 2011.
- Modificación do Plan Sectorial Eólico de Galicia. 2002
- Recomendación do Consello 1999/519/CE, de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos



- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la transmisión y distribución de electricidad. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2007
- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la energía eólica. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2015
- International Legislation and Regulations for Wind Turbine Shadow Flicker Impact. 7th International Conference on Wind Turbine Noise. Rotterdam – 2nd to 5th May 2017.
- Shadow Flicker Review for Alberta Utility Commision. Green Cat Renewables Canada Corporation. 2019
- Acuerdo para la gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente representados por AFBEL, las compañías de transporte y distribución de energía eléctrica representadas por REE y UNESA y los gestores autorizados residuos de gas SF6 y de equipos que lo contienen, para una gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente. 2015-2020
- Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexiónelose.

ANTECEDENTES

O presente informe realízase avaliando se, no estudo, se tiveron en conta, se identificaron e se valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

É importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso ten que haber unha vía de exposición completa é dicir, unha fonte, medios ambientais e mecanismos de transporte, un punto e a vía de exposición e unha poboación receptora.



Así mesmo, o proxecto sometido a estudio é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante as fases de construción, explotación e abandono. Polo que de cumprirse os estándares establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

A avaliación do posible impacto do proxecto na saúde humana, a través do medio ambiente, realízase por tanto nas seguintes fases:

- Caracterización da poboación en situación de risco
- Determinación dos potenciais perigos
- Identificación das posibles vías de exposición

No seu caso, a avaliación poderá incluír a necesidade de medición da exposición específica da poboación a algunha posible fonte contaminante ou da necesidade do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto.

O presente informe realízase sobre a documentación achegada sen prexuízo de que unha vez coñecidas as alegacións das demais administracións públicas afectadas, público ou persoas interesadas que se podan presentar se tivera que ampliar ou modificar o alcance da avaliación.

AVALIACIÓN

1.- Caracterización da poboación en situación de risco

Refírese que o Parque Eólico Chao do Marco localízase dentro dos termos municipais de Becerreá e Baralla, pertencentes a provincia de Lugo.

Indica que a actividade económica de ambos municipios é o sector servizos, seguido da construción, industria e agricultura. Refire a existencia de numerosas pistas e camiños que enlazan os núcleos poboados. Sinala a carreteira LU-P-0708 que cruza toda a poligonal e a LU-P-0703 ao sur do parque eólico.

Da revisión dos mapas e datos que se incorporan ao proxecto e dunha valoración non exhaustiva empregando o programa QGIS, que aplica mapas do Plan Nacional de Ortofotografía Aérea PNOA e do catastro, compróbase a existencia de edificacións a





unha distancia mínima de 405 m do aeroxerador CM04, pertencentes ao núcleo de poboación de Casa do Teso.

Na contorna do proxecto e a menos de 1700 m dos aeroxeradores, identifícanse edificacións consideradas residenciais e servizos públicos nos núcleos potencialmente afectados, que son: Valados, Vilares, Curro, Casa do Teso, Caldoval, Sarceada, Vilar de Frades, Montaña de Agra, Bustelo, Cantiz, As Cabanas, Pedrelada e O Lago.

Refire os aloxamentos e restaurantes existentes no entorno de 20 km do parque eólico, atopándose o máis próximo a unha distancia de 2,62 km do aeroxerador CM03.

Non se refire ningunha descrición sobre os aspectos necesarios para a caracterización da poboación próximas en relación a poboación usuaria ou residente en establecementos máis vulnerables.

Tendo en conta o anterior, debería incluírse no estudio de impacto ambiental a descrición sobre aspectos necesarios para a caracterización das poboacións próximas en relación á poboación usuaria ou residente en establecementos máis vulnerables.

2.-Determinación dos potenciais perigos

Neste apartado realízase una identificación dos principais perigos potenciais asociados a esta actividade recollidos na bibliografía consultada e a comprobación de se se teñen avaliado no estudio.

a) Contaminantes atmosféricos

- Emisión de po e partículas.
- Emisión de gases: gases dos motores dos vehículos e da maquinaria e hexafluoruro de xofre (SF₆).
- Ruído e vibracións orixinados por escavacións, movemento de camións e maquinaria, voaduras puntuais, construción das infraestruturas e funcionamento das turbinas eólicas.
- Campos electromagnéticos.
- Parpadeo de sombras (Shadow Flicker).



b) Augas

c) Contaminantes do chan

- Residuos perigosos e non perigosos
- Uso de produtos perigosos nas instalacións e no mantemento das mesmas, e os residuos xerados na súa eliminación, entre outros: aceites minerais, combustibles, fitosanitarios (herbicidas), biocidas (protectores da madeira), etc.

d) Axentes biolóxicos

- *Legionella*
- Pragas e vectores

3.- Identificación das posibles vías de exposición

Neste apartado valórase se se identifican adecuadamente as posibles vías de exposición ou transmisión así como a existencia de medidas construtivas ou correctoras para interromper a dita exposición.

3.1 Aire

3.1.1 Emisións de po e partículas

Identifícase emisións de po e partículas na fase de construción e abandono, como consecuencia dos movementos de terra, transporte de materiais e da circulación de vehículos, estimando un impacto compatible debido ao carácter temporal das obras. Contempla medidas correctoras e protectoras como son regos das vías para o acceso á obra, a cobertura dos camiós con lonas ou a limitación da velocidade. Refire protocolo de vixilancia e seguimento ambiental ao respecto, mediante inspeccións visuais diarias polo contratista que verifiquen o cumprimento das medidas correctoras e protectoras propostas.

Refire a execución de voaduras por unha empresa especializada, a cal elaborará un plan de voaduras, indicando como medida ante a proxección de fragmentos de roca o corte do tráfico, no caso de atoparse na proximidade fincas de cultivo ou carreteiras. Non refire a afectación dos niveis sonoros nin presenta medidas correctoras nin protectoras.



3.1.2 Emisións de gases

Identifícase emisións de gases de combustión de vehículos durante as fases de construción e desmantelamento debido ao tráfico inducido na zona de maquinaria asociada ás obras, considerando un impacto compatible debido ao carácter temporal das labores de construción e a que non se producirá unha concentración significativa de máquinas traballando simultaneamente na mesma zona. Refírese medidas como a posta a punto dos motores da maquinaria por un servizo autorizado e o cumprimento das inspeccións técnicas regulamentarias e seguimento no plan de vixilancia ambiental mediante o control da presenza de fume e gases segundo o criterio do coordinación medioambiental.

Refírese ao emprego de gases illantes como o hexafluoruro de xofre (SF₆), gas sintético e inerte que se emprega nas celas da subestación, indicando que serán de tipo blindado.

3.1.3 Ruído e vibración

Identifícase a xeración de ruído durante a fase de obras (os correspondentes a unha obra civil convencional) e durante a fase de explotación (derivado do funcionamento dos aeroxeradores).

Realiza unha estimación teórica dos niveis de presión sonora durante a fase de construción, en relación aos limiares de protección establecidos na lexislación. Indica que no caso máis desfavorable, supoñendo que todas as máquinas funcionan á vez, o nivel de presión sonora total será de 105 dB(A) a 1 m de distancia, a cal reducirase a 52,9 dB(A) a distancias de 400 m. Conclúe que as poboacións máis próximas, situadas a distancias superiores non se verían afectadas. Considera programar as actividades de obra para evitar accións conxuntas de varios equipos e realizar un control periódico dos silenciosos dos escapes, rodamentos, engrenaxes e mecanismos en xeral da maquinaria.

Refírese que as fontes principais de ruído na actualidade, na contorna do parque, están relacionadas co fluxo de vehículos, principalmente das vías A-6, LU-710, LU-722 e N-VI, así como as relacionadas ca propia actividade dos aeroxeradores. Presenta un estudo preoperacional mediante medicións reais en 5 puntos correspondentes aos núcleos de poboación máis próximos (O Lago, Caldoval, Vilares, Vilar de Frades e Bustelo). Cabe





mencionar que as coordenadas facilitadas no proxecto, correspondentes aos municipios de Vilar de Frades e Bustelo, son as mesmas, e sitúan o punto de medición ao norte do aeroxerador CM09, mentres que estas dúas poboacións sitúanse ao sur do CM09 e CM08. Conclúe que os niveis de presión sonora obtidos se atopan por debaixo dos obxectivos de calidade acústica establecidos no Real Decreto 1367/2007, 65 dB(A) para os períodos de Día e Tarde e 55 dB(A) para o período de Noite.

Faise unha estimación teórica na xeración de ruído no escenario máis desfavorable posible, utilizando un Sistema de Información Geográfica baseado en software ARGIS e software de cartografado acústico. Realiza a simulación acústica tomando como referencia 5 puntos situados no núcleo de Vilares (a 772 m do aeroxerador CM02), debido a que o considera como zona máis sensible por atoparse máis próximo ao parque eólico. Cabe mencionar, a comprobación de edificacións máis próximas situadas nos núcleos Casa do Teso e Caldoval (a 405 m e 495 m do aeroxerador CM04). Conclúe que ningunha vivenda de Vilares se verá afectada por niveis de ruído debido a que, os valores obtidos non superan os 43 dB(A) en período de día, tarde e noite.

En canto aos valores resultantes, tendo en conta o ruído xerado polos aeroxeradores e o ruído de fondo, realiza unha comparativa tendo en conta "niveis previstos" actuais no núcleo de Vilares, en lugar dos valores medidos para o estudo preoperacional nas poboacións máis próximas ao parque eólico. Conclúe que os niveis avaliados cumpren os limiares establecidos na lexislación.

Conclúe que non é necesario aplicar medidas correctoras e propón a realización dunha campaña de medidas "in situ" que verifique o cumprimento dos valores límite de inmisión admisibles, unha vez se atope o parque eólico en funcionamento.

Sinala que no entorno do proxecto (envolvente de 2 km) hai 5 aeroxeradores, de nova solicitude, correspondentes ao parque eólico Serra do Furco. Non presenta estudo dos efectos acumulativos e/ou sinérxicos cos elementos doutros proxectos, non obstante considera que o efecto tanto en fase de construción como en explotación non é significativo, debido á distancia existente entre ambos parques.



Tendo en conta a distancia existente entre ambos parques, dende esta dirección xeral entendemos que a poboación non se verá afectada, polo que non consideramos necesario solicitar un estudo dos efectos acumulativos e/ou sinérxicos, non obstante, recomendamos realizar un seguimento no plan de vixilancia ambiental, dos niveis sonoros rexistrados nas poboacións existentes na área de acción de intersección dos dous parques eólicos.

Os criterios empregados para os cálculos teórico e do modelado dos niveis de ruído, así como aqueles a considerar en relación aos criterios normativos nas medicións de control a incluír no programa de vixilancia ambiental, son ámbito de competencia dos organismos con atribucións en materia de contaminación acústica.

3.1.4 Campos electromagnéticos

O Parque Eólico Chao do Marco está composto por:

- 8 aeroxeradores de 6,0 MW de potencia nominal unitaria, con potencia total instalada de 48 MW, 115 m de altura de buxe e diámetro de rotor de 170 m.
- 8 centros de transformación, no interior dos aeroxeradores, de potencia unitaria de 6.500 kVA e relación de transformación de 0,69/30 kV.
- Unha torre de medición eólica.
- 1 subestación transformadora (30/220 kV) composta por edificio de operación, edificio de celas, transformador principal 30/220 kV de 50 MVA e un transformador de servizos auxiliares cos correspondentes equipamentos de control, seccionamento, manobra, medida e protección.
- Rede eléctrica subterránea para a evacuación de enerxía a 30 kV, de interconexión entre os aeroxeradores e a subestación transformadora 30/220 kV. A enerxía xerada evacuarase a través dunha LAT en 220 kV, obxecto doutro proxecto. Na gabiá da liña colectora disporanse tamén os cables de terras e fibra óptica para comunicacións.

No referente aos campos electromagnéticos, toma como referencia os limiares indicados do Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico,



restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas. De acordo ás recomendacións europeas sitúase o límite de 5 kV/m e 100 μ T respectivamente, en zoas onde os cidadáns pasen un lapso de tempo significativo.

Así mesmo, indícase en proxecto, o cumprimento do establecido no Real Decreto 337/2014, ao respecto da "Limitación de campos magnéticos na proximidade de instalacións de alta tensión" para a non superación no exterior da instalación do valor establecido no Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro.

En proxecto técnico, refírense que na situación de carga máxima, os valores de campo magnético, no perímetro das liñas de media tensión, non superan en ningún caso os valores máximos permitidos marcados polo Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro. Recomenda por outro lado, a realización das medicións oportunas unha vez executadas as instalacións, para comprobar que efectivamente cúmprese co establecido na lexislación vixente.

Non obstante, non se presenta unha simulación ou cálculos estimativos referentes aos campos electromagnéticos xerados referentes ás instalacións do parque eólico (especificamente en referencia á subestación eléctrica) con respecto ás edificacións de carácter residencial máis próximas.

Indica ademais que os aeroxeradores cumpren co establecido na IEC 61400-1 en materia de compatibilidade electromagnética.

3.1.5 Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)

Para valorar a zona de influencia do efecto do parpadeo de sombras débese ter en conta un área de estudo arredor das turbinas eólicas, correspondente á aplicación do criterio de multiplicar por 10 o diámetro do rotor das mesmas, que para o presente parque eólico resulta unha distancia de 1700 m, dado que existen poboacións e vivendas illadas nese entorno.

Presenta un Anexo do análise de sombras, no cal se indica que se realiza un estudo do potencial impacto mediante a ferramenta SHADOW do programa de simulación





WindPRO para o caso peor (teórico) e para o caso real (estatístico). Para levar a cabo a análise se identificou o ámbito de estudo, delimitado por un radio de 1700 m dende a situación dos aeroxeradores, identificando un total de 180 edificacións.

Os resultados da análise para o "caso peor" sinalan que 53 edificacións superan os limiares de 30 h/ano.

No "caso real" conclúe que non se produce efecto de parpadeo en ningunha das edificacións, debido a que toman como limiar o valor de 30 h/ano. Atendendo a ditos resultados, descarta afeccións polo dito impacto, non considerando necesaria a implantación de medidas preventivas e/ou correctoras.

Tomando como referencia o limiar de 8 h/ano, segundo os criterios de avaliación desta dirección xeral, atendendo aos resultados obtidos representados soamente en mapas, sen achegar os datos de horas de sombra nos receptores, non nos permite verificar o cumprimento dos limiares de protección e por tanto a necesidade de tomar medidas preventivas e/ou correctoras no caso de producirse afeccións por dito impacto.

É importante ter en conta, que o limiar para o "caso real" é de 8 h/ano, segundo os criterios de avaliación desta Dirección Xeral recollidos no documento "Alcance do estudo de Impacto Ambiental para parques eólicos".

https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/6777/Alcance_PE_Galego.pdf

Non se contempla un plan de seguimento específico do parpadeo de sombra durante o primeiro ano de explotación.

Non se avalía o posible efecto sinérxico sobre os receptores da contorna do parque, en relación con outros parques instalados ou en execución.

3.2 Augas

3.2.1 Augas de consumo

Prevese na subestación instalacións de fontanería e saneamento, indica que o abastecemento de auga realizarase a través dun depósito de auga potable, situado no exterior.



Dito depósito deberá cumprir o establecido no artigo 11 do Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo público.

Dende esta Dirección Xeral, compróbase que non existe na contorna do proxecto, captacións de auga para abastecemento en vixilancia sanitaria pola Consellería de Sanidade, incluídas nas bases de datos do Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC), estando a máis próxima a unha distancia de 3300 m do aeroxerador 2.

3.2.2 Augas superficiais e subterráneas

Entre as actividades de obra susceptibles de producir alteración da calidade das augas, indica o aporte de sólidos en suspensión ou formigóns e compoñentes como aceites e graxas. Considera isto como un impacto compatible debido á afastada posición das obras con respecto aos leitos. Contempla a aplicación de medidas protectoras e correctoras, como realizar o amasado do formigón preferiblemente en formigoneiras ou a instalación de barreiras de retención de sedimentos ou balsas de decantación para evitar vertidos.

Contempla seguimento no programa de vixilancia ambiental mediante a revisión e mantemento periódico das balsas de decantación e barreiras de retención.

Indica que previamente ao inicio das obras solicitaranse á Confederación Hidrográfica de Miño-Sil as preceptivas autorizacións, segundo o disposto no Regulamento do Dominio Público Hidráulico así como para calquera captación ou actuación nas zonas de servidume e policía dos cursos de auga, solicitarase a preceptiva autorización do organismo de bacía competente.

3.2.3 Augas residuais/vertidos

a) Augas residuais sanitarias: Menciona que a xestión das augas residuais fecais, durante a fase de construción, efectuarase mediante sanitarios químicos, polo que non contempla ningún vertido ao dominio público hidráulico. En canto ao edificio de control,





indica que contará cunha fosa séptica para as augas residuais, a cal será estanca e o seu contido será retirado periodicamente por un xestor autorizado.

c) Vertidos de zona de almacenamento e instalacións de obra. Refire a creación dun punto limpo, na subestación, o cal disporá dunha soleira impermeable, na cal se situarán os contedores adecuados para o almacenamento dos residuos, que serán retirados por un xestor autorizado.

Indica que disporán dun protocolo básico de actuación en caso de derrame ou vertido na obra, no que se contempla a disposición de material absorbente (sepiolita) na fronte da obra.

Contempla seguimento no plan de vixilancia ambiental mediante o control da existencia de manchas de derrames ou vertidos accidentais.

d) Vertidos procedentes de transformadores a intemperie. Indica que para a recollida das eventuais fugas do aceite illante dos transformadores, disporán dun depósito de formigón soterrado, con capacidade para aloxar 1,3 veces o volume do transformador.

3.3 Chan

Refiren medidas protectoras e correctoras durante a fase de obra e explotación, para minimizar a afección ao mesmo e para evitar posibles vertidos de materias contaminantes, referindo seguimento ao respecto no programa de vixilancia ambiental.

3.3.1 Residuos perigosos e non perigosos

Identifícase a xeración de residuos perigosos e non perigosos durante as fases de construción, explotación e desmantelamento do parque de acordo ao código LER, estimando a cantidade de cada tipo de residuo, detallando as medidas de xestión e almacenamento.

Indica que as áreas onde se desenvolvan os traballos de obras, deberán contar con bidóns, contedores e outros elementos adecuados de recollida de residuos, e a súa situación estará sinalizada e en coñecemento de todo o persoal de obra empregado. Disporán tamén dunha área para albergar produtos como combustibles ou outros produtos perigosos, provista de solo impermeable, cubertos e ventilados.





Para o almacenamento de sustancias perigosas seguirase instrucións para unha correcta segregación e etiquetaxe, segundo o tipo de perigosidade, e entrega a un xestor autorizado.

Refire medidas preventivas como a realización das tarefas de limpeza, mantemento e reparación de maquinaria en talleres autorizados, cando non sexa posible realizarse na zona destinada ás instalacións de obra. Contempla seguimento no programa de vixilancia ambiental, mediante a comprobación do adecuado estado de conservación dos contedores, e controis periódicos de dispersión de residuos, nas zonas sensibles próximas ás obras.

3.3.2 Uso de produtos perigosos

Indica que os residuos perigosos xerados durante a construción, se fraccionarán e xestionarán segundo a normativa vixente. En canto aos residuos perigosos xerados en operacións de mantemento de aeroxeradores, como aceites, envases contaminados, etc, almacenaranse en contedores designados e etiquetados.

Destaca como residuos perigosos: absorbentes, envases de sustancias perigosas, filtros e baterías entre outros, procedendo a maioría da fase de explotación, derivados do mantemento e reparación.

Dentro de outros posibles tipos de produtos perigosos que poden ser empregados nas instalacións, non se menciona o emprego de biocidas, refire o emprego de herbicidas para evitar o crecemento de herbas na superficie do parque da subestación.

En caso da súa utilización, tanto no uso de herbicidas como de biocidas, deberá cumprirse a normativa vixente referente á comercialización e emprego dos mesmos.

Non refire si disporán das fichas de datos de seguridade de todos os materiais perigosos empregados, de maneira que se coñezan e apliquen as especificacións establecidas referentes á manipulación, almacenamento, protección, eliminación, etc.

Tendo en conta o anterior, no estudio de impacto ambiental debería indicarse a disposición das fichas de datos de seguridade de tódolos materiais empregados.



Deberán cumprir as obrigas e medidas de xestión establecidas polos organismos competentes en relación aos tipos de residuos e produtos perigosos asociados ás instalacións.

3.4 Axentes biolóxicos

3.4.1 Lexionella.

Contempla a instalación de duchas e lavabos, con dotación de auga quente e fría, nos lugares de traballo. Non refire o cumprimento dos requisitos establecidos no RD 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexiionelose, así como no caso de emprego de sistemas de extinción de incendios que supoñan a existencia de aerosolización.

Tendo en conta o anterior, no estudio de impacto ambiental deberá cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 865/2003, de 4 de xullo.

3.4.2 Pragas e vectores

Non se indica que dispoñen dun sistema integrado de control específico no caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores.

No caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores, deberá dispoñer dun sistema integral de control específico.

CONCLUSIÓNS

Sen prexuízo do cumprimento das consideracións recollidas en cada un dos epígrafes do apartado de avaliación de este informe e das competencias atribuídas a outros departamentos e organismos na materia, logo da análise da documentación achegada en relación o estudo de impacto ambiental do parque eólico Chao do Marco, e tras a valoración dos aspectos relativos á saúde ambiental infórmase como **favorable condicionado** á presentación, con carácter previo ao inicio das obras, da documentación e información dos aspectos que se relacionan a continuación:





- Ao respecto do estudo acústico presentado, non se ten en conta a existencia de núcleos con edificacións a distancias inferiores ao núcleo de Vilares, como son: Curro, Casa do Teso, Caldoval ou Bustelo. O estudo acústico non ten en conta os niveis estimados debido ao funcionamento dos aeroxeradores e ao ruído de fondo da zona, medido no estudo preoperacional.
- Non se presenta unha simulación ou cálculos estimativos referentes aos campos electromagnéticos xerados referentes as instalacións do parque eólico (especificamente en referencia a subestación eléctrica) con respecto as edificacións de carácter residencial mais próximas.
- Con respecto o efecto parpadeo (para máis información ver apartado 3.1.5) o proxecto non recolle as medidas mitigadoras, de seguimento e correctoras a aplicar, no caso de superar o limiar de 8 h/ano, para o "caso real". Así mesmo, non se contempla un plan de seguimento específico do parpadeo de sombras durante o primeiro ano de explotación. Non presenta unha avaliación dos posibles efectos acumulativos ou sinérxicos sobre a poboación da contorna, en relación ao parque eólico Serra do Furco, así como medidas de seguimento e medidas correctoras de ser o caso.

No caso de que a documentación e información relativa aos citados aspectos non se presentase no prazo indicado ou, presentada en prazo, non resultase abonda ou adecuada para a acreditación dos mesmos, entenderase que o estudo non cumpre cos requisitos desde o punto de vista sanitario.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

A subdirectora xeral de Programas de
Control de Riscos Ambientais para a Saúde

Manuel Álvarez Cortiñas

Ines Mato Naveira

